



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 4/2011

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE MARCHA EN RUTA

Pontevedra, 13 de Febreiro do 2011

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organizará en Pontevedra, o Campionato de Galicia de Marcha en Ruta o domingo día 13 de febreiro do 2011.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2010/11) por algún Clube pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubes doutras CCAA..
3. Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.3) As inscricións realizaranse na web da F.G.A. mediante sistema online como data límite o martes 8 de febreiro.

Art.4) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados nas diferentes categorías (Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Junior, Promesa, Absoluto e Veterán) recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo da cerimonia. Caso contrario, non se fará entrega das medallas.

Art.6) Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Art.7) *Horario e distancias do Campionato:*

11:00 horas	Alevín-infantil	Homes e Mulleres	3 Km
11.30 horas	Cadete	Homes e Mulleres	5 km
12:10 horas	Benxamín	Homes e Mulleres	2 Km
12:30 horas	Xuvenil-Junior-veteranos	Homes e mulleres	10 km
	Promesa-Senior	Mulleres	10 Km
	Promesa-Senior	Homes	10 Km

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.8) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F. As características do circuíto serán enviadas con antelación suficiente á competición.

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito, non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 24 de xaneiro de 2011

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

